

Informe técnico sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa para a actualización da solución de virtualización (entorno de servidores) do Parlamento de Galicia.

Con data de 20 de setembro de 2016 rematou o prazo para a presentación de proposicións para esta contratación administrativa.

Con data de 10 de outubro de 2016 procedeuse á apertura do sobre B. Nesta licitación as empresas concorrentes son as seguintes:

- TAISA – Técnicos Asociados Informática, S.A.U. (en diante TAISA)
- Asac Comunicaciones S.L. (en diante ASAC)
- Acuntia S.A. (en diante ACUNTIA)

Analizada a documentación do sobre B, referente a Documentación técnica e relativa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas, procédese a elaboración deste informe no que se detallan, a modo de resumo os criterios avaliados e as melloras ofertadas.

O punto 15 do cadro de especificacións do contrato do prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios para a valoración das proposicións:

Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas: ata 100 puntos

a.- Prezo: de **0 a 60** puntos: os 60 puntos adxudicaránse de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación } i = 60 \times \frac{\text{Orzamento licitación} - \text{Oferta } i}{\text{Orzamento licitación} - \text{oferta máis baixa}}$$

b.- Melloras (**40 puntos**).

b.1.- Rendemento acadado no SPECint_base_cpu2006 <https://www.spec.org/cpu2006/results/res2014q4/>. (**12 puntos**). Ás proposicións que ofrezan un rendemento igual ao mínimo esixido no PPT, atribuiránselle 0 puntos; o resto de ofertas puntuaríanse de acordo coa seguinte fórmula: **Pi = (12*Oi) / MO**

b.2.- Maior cantidade de memoria RAM (**12 puntos**): Se a memoria RAM incluída en cada servidor é igual ao mínimo esixido no PPT, atribuiránselle 0 puntos; o resto de ofertas puntuaranse de acordo coa seguinte fórmula: $P_i = (12 \cdot O_i) / MO$

b.3.- A oferta das seguintes funcionalidades (**11 puntos**):

- Visualización de indicadores clave de rendemento (KPIs)
- Visibilidade das causas dos problemas actuais e futuros asociados á xestión do rendemento e da capacidade.
- Xestión do estado actual e dos riscos operativos e oportunidades de optimización.
- Optimización dinámica da utilización de recursos
- Análises predictivas. Autoaprendizaxe e alertas intelixentes para a análise de datos, identificando e evitando os problemas de rendemento e capacidade
- Automatización e corrección guiada de problemas
- Creación de escenarios de modelado da capacidade para facilitar a optimización e planificar os recursos en función dos SLAs

Para a obtención dos 11 puntos deberán ser ofrecidas todas as funcionalidades descritas.

b.4.- Tarxetas de fibra dun porto (**5 puntos**): Atribuiranse 5 puntos as ofertas que inclúan 2 tarxetas de fibra de 10 Xbps, en cada servidor, en lugar dunha tarxeta de fibra con 2 portos a 10 Xbps.

Os orzamentos sen IVE presentados por cada un dos licitadores son os seguintes:

- TAISA:
 - Hardware: 34.028,48€
 - Software: 12.381,86€
 - Mantemento: 2.287,37€
 - Total: 48.697,71€
- ASAC:
 - Hardware: 23.700,00€
 - Software: 20.000,04€
 - Mantemento: 3.800,00€

- Total: 47.500,00€
- ACUNTIA:
 - Hardware: 34.751,87€
 - Software: 17.185,04€
 - Mantemento: 3.213,07€
 - Total: 55.149,98€

Aplicando a fórmula establecida para a valoración do prezo, as puntuacións para cada unha das ofertas son as seguintes:

- Taisa: 57,18 puntos
- Asac: 60 puntos
- Acuntia: **42 puntos**

A xeito de resumo, na seguinte táboa recóllense as melloras ofertadas por cada unha das empresas concorrentes á licitación:

Mellora	TAISA	ASAC	ACUNTIA
Rendemento acadado no SPECint_base_cpu2006	1290	1270	1230
Memoria RAM	512 GB RAM DDR4 2400 Mhz	768 GB (256 GB máis sobre o mínimo esixido de 512 GB)	512 GB (requiridos) + 96 GB (mellora) = 608 GB
Funcionalidades a maiores	Non incluídas	Non incluídas	Sí
Tarxetas de fibra dun porto	Non incluídas	Sí	Non incluídas

En base aos criterios de valoración e as propostas presentadas, as puntuacións que corresponden a cada licitador son as seguintes:

Mellora	TAISA	ASAC	ACUNTIA
Rendemento acadado no SPECint_base_cpu2006	12 puntos	11,81 puntos	11,44 puntos
Memoria RAM	0 puntos	12 puntos	4,5 puntos
Funcionalidades a maiores	0 puntos	0 puntos	11 puntos
Tarxetas de fibra dun porto	0 puntos	5 puntos	0 puntos
TOTAL	12 puntos	28,81 puntos	26,94 puntos

Sumando as puntuacións de prezo e melloras, o total das ofertas presentadas é o seguinte:

Empresa	Prezo	Melloras	Total
TAISA	57,18 puntos	12 puntos	69,18 puntos
ASAC	60 puntos	28,81 puntos	88,81 puntos
ACUNTIA	42 puntos	26,94 puntos	68,94 puntos

Así pois, a orde de puntuacións das empresas neste concurso será o seguinte:

1. ASAC: **88,81 puntos**
2. Taisa: **69,18 puntos**
3. Acuntia: **68,94 puntos**

Santiago de Compostela, a 13 de outubro de 2016

Pedro Vila López

Xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información
Parlamento de Galicia